

“Os perigos da sedución”

Recensión de Estro Montaña

*A curmá Phillis* é unha desas novelas nas que un personaxe fica claramente na nosa memoria. Neste caso dá título ao libro e destaca non só por ser unha moza fermosa e alta, senón porque profesa un profundo amor ás letras e amosa unha avidez intelectual que a leva a se preocupar por todo canto a rodea. A súa sensibilidade sorprende o seu curmán Paul, que con 17 anos chega á pequena poboación de Eltham como axudante do enxeñeiro xefe dunha empresa de construción ferroviaria. Phillis vive cunha nai tradicional e con Ebenezer Holman, o pai, pastor dunha Igrexa independente e ao mesmo tempo agricultor cunha marcada sede de coñecemento. Nos catro capítulos da obra, vemos como os pais protexen en exceso a Phillis, unha moza certamente inxenua, mais que conta con 19 anos e cunha cultura superior ao curmán e aos veciños, que comparten con ela unha vida apracible, un mundo rural descrito co ton poético das Xeórxicas de Virxilio. *A curmá Phillis*, vertida ao galego por María Reimóndez, é ademais a novela dunha sedución e dun amor dramático dos que dá conta un narrador testemuña que é o propio curmán, que participa nos acontecementos e afonda nos afáns e desventuras da protagonista. Expón tamén o contraste entre un mundo espiritual apegado á terra, en clara comunidade con ela, e un mundo máis cosmopolita e moderno. Do contacto entre esas dúas realidades xorde a indefensión dos personaxes ben intencionados e con pouca experiencia. A autora desta novela de prosa fluída e final aberto, Elizabeth C. Gaskell (1810-1865), foi a biógrafa de Charlotte Brönte e unha das principais novelistas sociais do seu tempo.

A CURMÁ PHILIS (2022): Elisabeth Gaskell, Elizabeth, Santiago, Hugin e Munin, PVP. 15€